

a se-la nova c), nunha redacción que refunde as anteriores alíneas d) e e)— relativa ás achegas que, se é o caso, o Estado realice para efectos de mante-lo adecuado equilibrio técnico-financeiro deste ramo.

En virtude de todo o anterior, por proposta dos ministros de Economía e de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo dos informes e trámites preceptivos, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 27 de decembro de 2001,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do artigo 46 do Regulamento para aplicación da Lei 87/1978, do 28 de decembro, sobre seguros agrarios combinados, aprobado polo Real decreto 2329/1979.*

O artigo 46 do Regulamento para aplicación da Lei 87/1978, do 28 de decembro, sobre seguros agrarios combinados, aprobado polo Real decreto 2329/1979, do 14 de setembro, queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 46. *Recursos económicos ordinarios do Consorcio.*

1. Para a cobertura dos riscos asumidos polo Consorcio de Compensación de Seguros, este contará cos seguintes recursos:

a) As primas que se establezan nas normas que regulen o reaseguro ou outra forma de apoio.

b) As primas que perciba nos supostos en que actúe como asegurador directo.

c) As achegas a que fai referencia o artigo once da Lei 87/1978, do 28 de decembro, de seguros agrarios combinados, e as que, se é o caso, o Estado realice para efectos de mante-lo adecuado equilibrio técnico-financeiro deste ramo de aseguramento, así como a marxe de solvencia esixida ó Consorcio polo ordenamento xurídico en materia de seguros.

d) As cantidades que recobre no exercicio do dereito de repetición e os xuros de demora que lle correspondan conforme o ordenamento xurídico.

e) Os produtos e rendas do seu patrimonio, na parte imputable a esta actividade.

f) Os procedentes dos créditos, préstamos e demais operacións financeiras que poida concertar.

g) Calquera outro ingreso que lle corresponda conforme a lexislación vixente.

2. O Consorcio de Compensación de Seguros constituirá unha provisión técnica de estabilización que se dotará cos excedentes que se produzan na conta de explotación de cada exercicio e, se é o caso, coas consignacións a que se refire a alínea c) do número anterior, ata que alcance, como mínimo, un importe equivalente á suma das primas percibidas polo Consorcio nos últimos cinco exercicios, incluído o que se cerra.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

830 *REAL DECRETO 1412/2001, do 14 de decembro, de modificación do Real decreto 1251/1999, do 16 de xullo, sobre sociedades anónimas deportivas. («BOE» 13, do 15-1-2002.)*

A disposición transitoria primeira da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, establece as regras aplicables ó proceso de transformación de clubs deportivos en sociedades anónimas deportivas e contén unha remisión regulamentaria para o establecemento dos criterios que lle permiten á Comisión Mixta de Transformación fixa-lo capital social mínimo correspondente a cada unha delas.

Polo Real decreto 1084/1991, do 5 de xullo, sobre sociedades anónimas deportivas, procedeuse ó desenvolvemento regulamentario da citada disposición transitoria. Con posterioridade, o Real decreto 1251/1999, do 16 de xullo, sobre sociedades anónimas deportivas, ademais de integrar nun único texto a regulación regulamentaria que contiña o Real decreto 1084/1991, do 5 de xullo, sobre sociedades anónimas deportivas, desenvolveu regulamentariamente as previsións contidas no artigo 109 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, sobre medidas fiscais, administrativas e da orde social, que veu a dar nova redacción a determinados preceptos da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

A finalidade deste real decreto é introducir modificacións puntuais no Real decreto 1251/1999, do 16 de xullo, sobre sociedades anónimas deportivas, que permitan resolver algunhas disfuncións que suscita o procedemento para determina-lo seu capital social mínimo.

Para iso simplifícase a documentación que han de presenta-los clubs e sociedades anónimas deportivas e adécuanse os prazos de cumprimento das obrigas establecidas regulamentariamente ós considerados na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte. Así mesmo, precísase o alcance da expresión «marxe de seguridade razoable» en relación coa documentación necesaria para a fixación do capital social mínimo das sociedades anónimas deportivas.

Este real decreto desenvolve as previsións establecidas na disposición transitoria primeira da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, e dítase ó amparo do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación mercantil.

No procedemento de elaboración desta disposición optouse por darlles audiencia ós interesados a través das ligas profesionais actualmente existentes, por seren estas entidades as que agrupan e representan os afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de decembro de 2001,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1251/1999, do 16 de xullo, sobre sociedades anónimas deportivas.*

1. Modifícase o artigo 3 do Real decreto 1251/1999, do 16 de xullo, sobre sociedades anónimas

deportivas, o texto do cal queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 3. *Capital mínimo.*

1. O capital mínimo das sociedades anónimas deportivas en ningún caso poderá ser inferior ó establecido na Lei de sociedades anónimas.

2. Aqueles clubs que, por accederen a unha competición oficial de carácter profesional, deban transformarse en sociedade anónima deportiva deberán tramita-la solicitude de fixación do seu capital mínimo dentro dos tres meses inmediatamente seguintes á data de inicio do exercicio económico dos clubs e sociedades anónimas deportivas da respectiva competición, de conformidade co calendario establecido pola liga profesional correspondente.

O capital social mínimo fixarase mediante a adición de dous sumandos:

a) O primeiro determinarase calculando o 25 por 100 da media dos gastos realizados, incluídas amortizacións, polos clubs e sociedades anónimas deportivas que participaran na penúltima temporada finalizada da respectiva competición, excluídas as dúas entidades con maior gasto e as dúas con menor gasto realizado. Os datos necesarios para a realización deste cálculo tomaranse das contas de perdas e ganancias auditadas e remitidas ó Consello Superior de Deportes. Os ditos datos axustaranse en función do informe de auditoría, facendo público o Consello Superior de Deportes o cálculo obtido anualmente, logo de informe da liga profesional correspondente.

b) O segundo sumando determinarase en función dos saldos patrimoniais netos negativos que, se é o caso, reflecta o balance, que forma parte das contas anuais, a que se refire a alínea a) do número 5 deste artigo, axustado en función do informe de auditoría.

c) Cando o primeiro sumando sexa inferior ó segundo, o capital social mínimo fixarase no duplo do segundo.

3. Os mesmos criterios establecidos no número anterior serán de aplicación para fixa-lo capital social mínimo naqueles clubs que accedan a unha competición oficial de carácter profesional e presenten xa a forma de sociedade anónima deportiva.

Estes criterios non serán de aplicación a aqueles clubs que, presentando a forma de sociedade anónima deportiva e participando en competicións oficiais de carácter profesional, descendan a categoría non profesional e volvan ascender a categoría profesional, sempre que o seu balance, axustado en función do informe de auditoría, reflecta un saldo patrimonial neto positivo e non permanecesen máis de dúas temporadas en categoría non profesional. Se aínda sendo positivo o saldo patrimonial, a sociedade estivese incurso en causa de disolución por aplicación do disposto no artigo 260.4 da Lei de sociedades anónimas, a Comisión Mixta á que se refire a disposición transitoria primeira, número 2, da Lei do deporte, fixará a cifra en que debe ser aumentado o capital social para restablece-lo equilibrio entre o capital e o patrimonio.

4. Os mesmos criterios establecidos nos números anteriores serán de aplicación a aquelas modalidades deportivas e naquelas competicións profesionais que no futuro poidan ser recoñecidas e cualificadas pola Comisión Directiva do Consello Superior de Deportes, a cal, para a fixación dos correspondentes capitais sociais mínimos, poderá

altera-la porcentaxe sobre a media de gastos realizados, fixándoa entre un 15 por 100 e un 50 por 100 destes.

5. O club interesado deberá dirixir escrito á Comisión Mixta establecida na disposición transitoria primeira da Lei do deporte solicitando a fixación de capital social mínimo. O dito escrito, no que se recollerá a cifra de saldo patrimonial neto que o club estima en función do informe de auditoría, deberanse xunta-los seguintes documentos:

- a) As contas anuais, correspondentes á temporada deportiva anterior, e o informe de auditoría.
- b) Certificación do acordo de transformación ou adscrición adoptado pola súa asemblea xeral.
- c) Memoria do proceso de transformación ou adscrición que pretende realizar.

Nos supostos previstos no número 3 deste mesmo artigo, os documentos que se achegarán serán os previstos na alínea a).

6. A Comisión Mixta deberá fixa-lo capital mínimo e notificalo no prazo de tres meses. Se a Comisión Mixta non notifica a súa decisión no dito prazo, entenderase que o capital social mínimo será o que resulte da suma do saldo patrimonial neto proposto polo club, se este fose negativo, e do sumando a que se refire a alínea 2.a) deste artigo. Se o saldo patrimonial fose positivo, entenderase que o capital social mínimo será de 10.000.000 de pesetas máis o sumando da citada alínea 2.a).

No caso de que a documentación presentada non permita calcular cunha marxe de seguridade razoable o saldo patrimonial neto do club que presenta a solicitude, a Comisión Mixta dictará resolución denegando a fixación de capital social mínimo para efectos de transformación.

Para estes efectos, considerarase que non existe marxe de seguridade razoable cando o informe de auditoría incluíse reparos non cuantificados razoablemente.

Non obstante, se o informe de auditoría incluíse reparos que derivasen de incertezas ou limitacións ó alcance que non permitan a súa cuantificación, para os exclusivos efectos da fixación do capital mínimo a que se refire este artigo, deberase mencionar en informe especial, a título orientativo, o efecto potencial máximo de tales incertezas ou limitacións da seguinte forma:

- 1.º Pasivos pola contía máxima identificable.
- 2.º Activos polo total do valor neto contable do activo afectado.

De existiren limitacións ou incertezas distintas das procedentes de activos ou pasivos, a valoración das cales non poida realizarse, entenderase que non existe marxe de seguridade razoable para a fixación do capital mínimo.

7. O club deberá outorgar escritura pública de constitución de sociedade anónima deportiva e solicita-la súa inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas do Consello Superior de Deportes nun prazo non superior a seis meses desde a notificación do acordo da Comisión Mixta que fixe o capital social mínimo, todo iso antes da correspondente inscrición no Rexistro Mercantil.

Os clubs que accedan a unha competición profesional e teñan xa a forma de sociedade anónima deportiva deberán axustar, se é o caso, o capital social nun prazo non superior a seis meses desde a notificación do acordo da Comisión Mixta polo que se fixe o seu capital social mínimo.

8. O capital das sociedades anónimas deportivas non poderá ser inferior ó 50 por 100 do establecido no momento da transformación ou, se é o caso, o fixado para o seu acceso á competición profesional, sen prexuízo do establecido na Lei de sociedades anónimas.»

2. Modifícase o artigo 20 do Real decreto 1251/1999, do 16 de xullo, sobre sociedades anónimas deportivas, o texto do cal queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 20. *Información periódica.*

1. As sociedades anónimas deportivas deberán remitirle ó Consello Superior de Deportes a información anual e semestral prevista neste artigo.

2. A información semestral referirase ó período comprendido entre o inicio do exercicio e o último día de cada semestre natural, será formulada polos administradores da sociedade e terá de ser remitida ó Consello dentro dos tres meses seguintes á data de peche do período.

A dita información deberá incluír, polo menos, uns estados intermedios da sociedade dos indicados na norma de elaboración de contas 12.^a “Estados financeiros intermedios” contida na cuarta parte do Plan xeral de contabilidade, aprobado polo Real decreto 1643/1990, do 20 de decembro, e, se é o caso, un balance da sociedade e do grupo consolidado e a conta de perdas e ganancias da sociedade e unha memoria consolidada do grupo de sociedades referidos ó dito período. Adicionalmente, elaborárase un informe no que consten as transaccións da sociedade cos seus administradores, directivos e accionistas significativos.

3. A información relativa ás transaccións entre as sociedades anónimas deportivas e os seus accionistas significativos, os seus administradores e os seus directivos, a que se refire o número anterior, incluírá información cuantificada das citadas transaccións, así como as de calquera outra persoa que actúe por conta destes. Para estes efectos, entenderase por transacción toda transferencia ou intercambio de recursos ou obrigas ou oportunidade de negocio con independencia de que exista ou non un prezo por esa operación.

Esta información deberá facilitarse de forma agregada de acordo coa natureza das transaccións efectuadas entre a sociedade e as persoas vinculadas a ela mencionadas no parágrafo anterior. Non obstante, se algunha das transaccións fose moi significativa pola súa contía ou transcendencia para a adecuada comprensión dos estados financeiros da sociedade, deberá facilitarse información individualizada nela.

4. A información anual que terá de remitirse ó Consello Superior de Deportes será as contas anuais individuais e, se é o caso, consolidadas, incluíndo en ámbolos dous casos o informe de xestión, a memoria e o informe de auditoría.

A dita información deberá enviárselle ó Consello Superior de Deportes antes do depósito das ditas contas no Rexistro Mercantil.

No caso de que unha vez formuladas as contas anuais e o informe de xestión aparecesen neles diverxencias respecto da información semestral anteriormente remitida, os administradores da sociedade anónima deportiva deberán comunicarlle ó Consello Superior de Deportes as modificacións que tales diverxencias determinarían na dita información semestral. A comunicación deberá practicarse dentro dos dez días hábiles seguintes

a aquel en que os administradores formulasen as contas.

Do mesmo xeito, se o informe de auditoría ou o informe de xestión contivesen reparos ou discrepancias respecto da información semestral anteriormente remitida, corrixida, se é o caso, na comunicación evacuada, de conformidade co previsto no parágrafo anterior, deberán comunicarse ó Consello Superior de Deportes as modificacións que tales reparos ou discrepancias determinarían na información semestral. A comunicación correspondente deberá practicarse dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que se emitise o informe de auditoría.

5. Cando o informe de auditoría das contas anuais contivese reparos, cuantificados ou non, e cando a opinión do auditor fose adversa ou fose denegada, as sociedades anónimas deportivas deberán solicitar dos seus auditores un informe especial, que se lle remitirá ó Consello Superior de Deportes coa información semestral seguinte, e que conterá, polo menos, a seguinte información:

a) No suposto de que fosen corrixidos ou despxados os reparos formulados ás contas anuais do último exercicio, deberá pórse de manifesto esta circunstancia, así como a incidencia que teñen as correccións introducidas con tal motivo sobre a información periódica do exercicio en curso.

b) No suposto de persistir as causas que deron lugar á opinión con reparos, incluídas a denegación de opinión e a opinión adversa, farase constar expresamente a dita circunstancia e, sempre que sexa posible, os efectos que se derivarían de ter efectuado os axustes necesarios nas contas anuais ou documentos auditados para que non figurasen no informe de auditoría os correspondentes reparos.

6. As sociedades anónimas deportivas, as accións das cales estean admitidas a cotización nunha bolsa de valores, deberán cumprir as obrigas de información periódica establecidas pola lexislación do mercado de valores. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, unha vez recibida a información pertinente, remitiralle ó Consello Superior de Deportes unha copia desta no prazo de dez días e, no caso de que o informe do auditor non contivese unha opinión favorable, poderá suspender a cotización das accións polo tempo que considere necesario para que a información económica sexa coñecida polos axentes intervinientes no mercado, garantíndose a transparencia na formación dos prezos.

O ministro de Economía, logo de informe do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas e da Comisión Nacional do Mercado de Valores, regulará as especialidades que poden concorrer en relación co alcance e a frecuencia da información que as sociedades anónimas deportivas cotizadas en bolsa deberán facer pública e establecerá os modelos o formularios relativos á información periódica, así como as instrucións de cobertura de tales formularios.

7. Ademais do disposto nos parágrafos anteriores e na lexislación aplicable ás sociedades anónimas, o Consello Superior de Deportes, de oficio ou por petición da liga profesional correspondente, poderá esixir-lo sometemento dunha sociedade anónima deportiva a unha auditoría complementaria realizada por auditores por el designados co alcance e o contido que se determine no correspondente

acordo. A sociedade anónima deportiva estará obrigada a colaborar co auditor de contas, facilitándolle toda a información que lle sexa solicitada por este, de conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas.»

Disposición transitoria única. *Fixación do capital social mínimo das sociedades anónimas deportivas desde a finalización da temporada 2001/2002.*

Para a tramitación e resolución dos procedementos de fixación de capital social mínimo de sociedades anónimas deportivas incoados a partir da finalización da temporada 2000/2001, resultarán de aplicación as disposicións previstas no número 1 do artigo único deste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,
PILAR DEL CASTILLO VERA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

831 *REAL DECRETO 3/2002, do 11 de xaneiro, polo que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras. («BOE» 13, do 15-1-2002.)*

O Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, incorporou ó ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, do Consello, do 20 de xullo, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, a cal se baseou no Convenio europeo do 10 de marzo de 1976 (do Consello de Europa) ratificado por España mediante instrumento do 21 de abril de 1988, no que se recollen as normas mínimas sobre protección de animais en explotacións gandeiras.

O Comité Permanente do dito convenio adoptou en 1995 unha recomendación pormenorizada na que se incluían as galiñas poñedoras.

Unha vez dictada a Directiva 1999/74/CE, do Consello, do 19 de xullo de 1999, pola que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras, faise necesaria a súa incorporación ó ordenamento xurídico interno.

A mencionada directiva modifica de modo significativo as condicións de cría destes animais, coa prohibición de novas instalacións de gaiolas non acondicionadas a partir do 1 de xaneiro de 2003, e co establecemento de condicións máis esixentes para os sistemas alternativos de cría desde o 1 de xaneiro de 2002 nas explotacións de nova instalación. Así mesmo, e a partir do 1 de xaneiro de 2007, será obrigatorio que tódalas explotacións de cría mediante sistemas alternativos se adapten ós requisitos deste real decreto. Por outro lado, desde o 1 de xaneiro de 2012 será obrigatoria a utilización de gaiolas acondicionadas en tódalas explotacións que utilicen o sistema de cría en gaiolas.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de xaneiro de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establece-las normas mínimas de protección das galiñas poñedoras.

2. Este real decreto non será de aplicación:

a) Ós establecementos de menos de 350 galiñas poñedoras.

b) Ós establecementos de cría de galiñas poñedoras reproductoras.

Os ditos establecementos permanecen suxeitos ós requisitos pertinentes establecidos no Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ó ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións contidas no Real decreto 348/2000.

Así mesmo, entenderase por:

a) Galiñas poñedoras: as galiñas da especie «Gallus gallus» que acadasen a madurez para a posta de ovos e criadas para a produción de ovos non destinados á incubación.

b) Niño: un espazo separado, o chan do cal non poderá estar composto de rede de arame, que poderá estar en contacto coas aves, disposto para a posta de ovos dunha galiña ou dun grupo de galiñas (niño colectivo).

c) Cama: todo material de textura friable que lles permita ás galiñas cubri-las súas necesidades etolóxicas.

d) Superficie utilizable: unha superficie de 30 centímetros de longo como mínimo, cunha inclinación máxima do 14 por 100, e cun espazo libre de, como mínimo, 45 centímetros de altura. As superficies do niño non forman parte da superficie utilizable.

e) Rastrexabilidade: a posibilidade de encontrar e segui-lo rastro, a través de tódalas etapas de produción, transformación e distribución, dos ovos comercializados para o consumo humano.

f) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas, para o establecido neste real decreto.

Artigo 3. *Requisitos.*

1. Os propietarios ou posuidores de galiñas poñedoras deberán cumprir, ademais dos requisitos establecidos no Real decreto 348/2000, os requisitos xerais que se establecen no anexo I deste real decreto.

2. Así mesmo, deberán cumprir en cada caso, segundo o sistema de cría, os seguintes requisitos:

a) Para a cría en gaiolas non acondicionadas, os establecidos no anexo II. Non obstante, este sistema de cría quedará prohibido a partir do 1 de xaneiro de 2012 e a construción e posta en servicio por primeira vez de gaiolas non acondicionadas quedarán prohibidas a partir do 1 de xaneiro de 2003.

b) Para a cría en gaiolas acondicionadas, os establecidos no anexo III.

c) Para a cría mediante sistemas alternativos, os establecidos no anexo IV.